



RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CENTROS BENEFICIARIOS E NON BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA EDUFRANCE DE INTERCAMBIO DE ALUMNADO CON CENTROS EDUCATIVOS DEPENDENTES DAS RÉGIONS ACADÉMIQUES HAUTS-DE-FRANCE E BRETAGNE DURANTE O CURSO ESCOLAR 2023/2024.

A Resolución do 29 de maio de 2023, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, publicada no portal educativo o 5 de xuño de 2023, regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa *EduFrance* de intercambio de alumnado de centros educativos de Galicia e das Régions Académiques Hauts-de-France e Bretagne durante o curso 2023/2024.

Unha vez rematada pola comisión a valoración das solicitudes recibidas dentro do prazo que se estipula na cláusula oitava da *Resolución do 29 de maio de 2023* e, segundo o estipulado na cláusula décima da dita Resolución,

RESOLVO

Primeiro-. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> a proposta de resolución provisional de centros beneficiarios e non beneficiarios das axudas que figuran no Anexo I.

Segundo-. Contra esta resolución poderanse efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da comisión no prazo de 5 días hábiles a partir do día da publicación da resolución provisional no portal educativo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa

